



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

1

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de marzo de 2019

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e dous de marzo do ano dous mil dezanove, ás nove horas, reúne a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don Manuel Doval Soto, dona Consuelo Vispo Seara, dona Ana María Villarino Pardo e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo , e dá fe do acto, o vicesecretario, don Juan Marquina Fuentes.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 15 DE MARZO DE 2019.

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día quince de marzo de dous mil dezanove, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou** a súa aprobación, coa abstención da deputada provincial dona Ana María Villarino Pardo, xa que non concorreu a esta no día da súa realización.

2.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE LONGAMETRAXES DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE OURENSE (OUFF), 24 EDICIÓN, DO 27 DE SETEMBRO Ó 5 DE OUTUBRO DE 2019.

Ante a necesidade de proceder á convocatoria do concurso da **24 edición do Ourense Film Festival (OUFF) – Sección Oficial de Longametraxes**, e unha vez vista a proposta de bases elaboradas conxuntamente polos servizos provinciais e a Fundación Carlos Velo, a **Xunta de Goberno**, **adoptá** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar as referidas bases e convocar a 24 edición do Ourense Film Festival (OUFF) – Sección Oficial de Longametraxes, consonte coas seguintes cláusulas:

1/ DATAS DE CELEBRACIÓN

O OUFF 2019 terá lugar do 27 de setembro ó 5 de outubro.



(Sello da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

2

Serie A N.º 2790318



EL NUMERADO
IRPORACIONES
LOCAIS

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de marzo de 2019

2/ SEDE

Festival Internacional de Cine de Ourense (OUFF)
Centro Cultural Marcos Valcárcel
Rúa Progreso, 30
32003 Ourense (España)
Teléfono: + 34 988 317 896
www.ouff.org
ouff@depourense.es

3/ SECCIÓN

Competición oficial de longametraxes.

4/ PARTICIPANTES

Poderán concursar as persoas físicas ou xurídicas (produtoras, distribuidoras...) que posúan o debido control legal sobre as obras que presenten a competición.

5/ REQUIRIMENTOS DAS PELÍCULAS

- Deberán estar producidas en 2018 ou 2019
- Poderán ser obras de ficción, animación ou documentais.
- Non poderán terse exhibido nin editado comercialmente en España en salas públicas (agás en festivais), televisión, dvd ou vídeo, antes do 27 de setembro de 2019. Tampouco en internet con acceso libre en España.
- As obras deberán ter unha duración superior ós 60 minutos.

6/ COMO PARTICIPAR

A inscrición das películas para participar na sección oficial do festival será gratuita e deberá facerse polas seguintes canles:

- Plataformas on line: FESTHOME.COM e CLICKFORFESTIVALS.COM
- Páxina web do festival: www.ouff.org, facilitando un enlace permanente de reproducción co contrasinal correspondente e cumplimentando o boletín de inscrición que figura nela. A persoa firmante deste boletín será o único interlocutor válido co festival.
- Tamén poden ser enviadas fisicamente en DVD ou Blue Ray á seguinte dirección:
Festival Internacional de Cine de Ourense (OUFF2019)
Centro Cultural Marcos Valcárcel



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de marzo de 2019

*Rúa Progreso, 30.**32003 Ourense (España)*

- O prazo de recepción de películas rematará o 15 de agosto de 2019
- A dirección do festival resérvase o dereito de poder seleccionar títulos que cheguen fóra de prazo.

7/ SELECCIÓN

Unha comisión nomeada pola organización será a encargada de invitar ás películas que competirán na sección oficial do certame.

8/ OBRIGAS DOS SELECCIONADOS

Os participantes, cuxas películas sexan seleccionadas para a sección competitiva, deberán cumplir as seguintes disposicións:

- A total aceptación destas bases.
- Cesión dos dereitos para a exhibición pública das súas películas.
- Autorización para divulgar materiais das películas inscritas (fotogramas, carteis, fichas, fragmentos do guión, textos de prensa, etcétera). Os participantes autorizan a difusión de ata tres minutos de imaxes das devanditas películas en calquera medio de comunicación.
- Aceptación de que, no caso de obteren algún dos premios outorgados na competición, incluirán unha referencia escrita de forma obligatoria e inescusable da concesión do devandito premio ó comezo de todas e cada unha das copias da película que distribúan para a súa exhibición en salas comerciais e/ou en certames audiovisuais, así como en todo o material informativo e promocional impreso (press- books, carteis, etcétera).
- Deberán facilitarlle á organización todo o material que se lle solicite (carteis, press book, fotografías, listado de diálogos, etcétera).
- Facilitaranlle á organización a copia de proxección e una copia de seguridade en Blue Ray.
- Asumirán os custos de transporte do envío das copias ata Ourense, incluídos os impostos de alfândega correspondentes, que serán pagados pola persoa ou entidade que inscribise a película. Na etiqueta do envío deberá especificarse o texto seguinte: "Para usos culturais soamente / Sen valor comercial".
- Non poderán retirar a película da programación nin presentala comercialmente en España antes da súa proxección no OUFF.



(Sello da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

4

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de marzo de 2019

- A copia deberá estar en poder do festival antes do 10 de setembro de 2019.
- Ceder, no caso de que a organización o solicite, unha copia da película premiada para que forme parte do arquivo do certame, que só poderá utilizala para fins de carácter cultural e sen ánimo de lucro.
- A persoa ou entidade que presenta a película seleccionada comprométese a que asistan ó festival representantes do equipo técnico ou artístico.

9/ EXHIBICIÓN

- As proxeccións da competición de longametraxes faranse en sistema DCP -que cumpra a normativa internacional DCI- ou no formato que considere o festival.
- As produtoras ou distribuidoras que inscriban a película deberán facilitar as KDM para os servidores das sedes do festival, correndo os gastos por conta delas.
- Durante a celebración do certame a organización resérvase o dereito de exhibir as películas seleccionadas nas salas cinematográficas e espazos vinculados a este festival un máximo de catro sesións. A organización establecerá a orde, data e horario de exhibición.
- As películas deberán permanecer en poder do festival para a súa exhibición ata o seu remate.
- As obras gañadoras serán proxectadas, nun pase especial, o día seguinte do remate do certame.

10/ XURADO

- Os premios da competición oficial de longametraxes serán outorgados por un xurado, designado pola organización entre profesionais do mundo cinematográfico, audiovisual, medios de comunicación e cultura.
- O xurado non poderá declarar deserto ningún premio nin concedelo Ex Aequo.
- O xurado poderá conceder as mencións especiais (sen dotación económica) que considere oportunas.
- O xurado podería outorgar excepcionalmente unha única vez dous premios a unha mesma película.
- As decisións do xurado serán inapelables.

11/ PREMIOS

- O xurado da competición oficial de longametraxes outorgará os seguintes cinco galardóns:



(Sello da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

5

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de marzo de 2019

- * Calpurnia á mellor película dotado con 18.000 euros
- * Premio Carlos Velo á mellor dirección: 4.000 euros
- * Premio especial do xurado: 2.000 euros
- * Premio ó mellor guión: 2.000 euros
- * Premio á mellor interpretación: 2.000 euros
- O festival concederá tamén tres premios máis:
 - * Premio do público: 3.000 euros. O filme da competición oficial de longametraxes que obteña unha maior puntuación ponderada en función dos votos emitidos polos espectadores tralas proxeccións.
 - * Premio Galicia: 5.000 euros. Á mellor obra con producción ou coprodución galega de todo o festival.
 - * Premio especial Eduardo Barreiros: 2.000 euros. Concederáselle á mellor opera prima do cinema español estreada entre setembro de 2018 e setembro de 2109.

A dotación económica dos premios corresponderalle integralmente á distribuidora ou produtora que presentara a película, coa excepción dos premios á mellor dirección e interpretación, que serán para as persoas físicas que resulten gañadoras. En tódolos casos as retencións fiscais e outros gastos en que se poida incorrer á entrega dos premios en metálico serán deducidos destes, co que o montante final variará dependendo das condicións establecidas por cada país e da forma en que se realice o pagamento.

O outorgamento dos premios previstos nestas bases condicionanse á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento corrente da Deputación Provincial de Ourense.

12/ TROFEO DO FESTIVAL E PRESENZA NA CERIMONIA DE CLAUSURA

Os gañadores de tódolos premios recibirán un trofeo representativo do festival. Para isto será imprescindible que o premiado ou alguén que o represente estea presente na ceremonia de clausura do Festival de Cine.

13/ RESOLUCIÓN FINAL

A dúbidas que podan xurdir sobre a interpretación destas bases, así como os conflitos que puideran producirse derivados da súa aplicación, en canto á organización ou funcionamento, serán competencia exclusiva da organización do festival.

2º.- A convocatoria deste premio publicarase no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial.



(Sello da Corporación)

(Firma do Presidente)

Folio N.º

6

Serie A N.º 2790318

EL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de marzo de 2019

3.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL OU-0206 VEREA-O FURRIOL, NO MUNICIPIO DE VEREA.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Resolver as alegacións formuladas polos propietarios das parcelas n.º 2 e n.º 5 da relación de bens afectados, segundo o informe emitido polo do xefe da Sección de Patrimonio e Expropiacións, no sentido que se indica a continuación:

a. Alegan os herdeiros de Emilio Martínez Rodríguez, propietarios da parcela n.º 2, que a parcela non é rústica, senón urbanizable. Unha vez solicitada ao respecto unha certificación urbanística ao Concello de Verea, nesta sinalouse que todas as parcelas afectadas pola expropiación teñen a cualificación de solo urbano, polo que procede estimar a alegación e proceder a modificar a cualificación de todas as parcelas, como solo urbano.

b. Alega a propietaria da parcela n.º 5, M.ª Teresa Valado Andrés, que na súa parcela non se lle valorou un muro existente. Realizada unha visita de comprobación polos topógrafos do Servizo de Vías e Obras, comprobouse que non existe o devandito muro, polo que procede desestimar a alegación.

2º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*.

3º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da *Lei de estradas de Galicia*.

Predio	Polig.	Parc.	Refer. Catastral	Propietarios	Cualificación	Dominio m ²
1	39	1	32085A03900001	- DIOCESE DE OURENSE	PRADOS OU PRADARIAS	345,20
2	39	389	32085A03900389	- HERDEIROS DE EMILIO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ	PRADOS OU PRADARIAS	26,10
3	39	391	32085A03900391	- MANUELA VALADO ANDRÉS	PRADOS OU PRADARIAS	8,87
4	39	392	32085A03900392	- BENIGNO DORADO ANDRÉS	PRADOS OU PRADARIAS	7,36
5	39	393	32085A03900393	- MARÍA TERESA VALADO ANDRÉS	PRADOS OU PRADARIAS	28,26
6	39	418	32085A03900418	- HERDEIROS DE MANUELA ANDRÉS INCÓGNITO	PRADOS OU PRADARIAS	6,07
7	39	417	32085A03900417	- ANTONIO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	PRADOS OU PRADARIAS	5,18



(Sello da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

7

Serie A N.º 2790318

EL NUMERADO
IRPORACIONES
LOCAIS

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de marzo de 2019

8	39	416	32085A03900416	- CELSA CAMPELO MARTÍNEZ - MARÍA VERÍSIMA VIDAL CAMPELO	PRADOS OU PRADARIAS	4,38
9	39	415	32085A03900415	- ANA MARIA CAO GONZÁLEZ	PRADOS OU PRADARIAS	14,17
10	39	414	32085A03900414	- MARÍA LUZ SANTOS ÁLVAREZ	PRADOS OU PRADARIAS	8,28
11	39	413	32085A03900413	- HERDEIROS DE MANUEL NIETO RIVERO	PRADOS OU PRADARIAS	26,31
12	39	412	32085A03900412	- HERDEIROS DE ANTONIO NIETO NIETO	PRADOS OU PRADARIAS	18,12
13	39	411	32085A03900411	- CARMEN MARTÍNEZ PARADA	PRADOS OU PRADARIAS	63,47
14	39	410	32085A03900410	- JOSEFA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	PRADOS OU PRADARIAS	26,83
15	39	409	32085A03900409	- MANUELA VALADO ANDRÉS	PRADOS OU PRADARIAS	23,97
16	39	408	32085A03900408	- MANUEL BLANCO FERNÁNDEZ	MATAGUEIRA	3,43
17	39	406	32085A03900406	- JOSEFA MIGUEZ FERNANDEZ - PILAR MIGUEZ FERNANDEZ - JOSÉ MIGUEZ FERNANDEZ	MATAGUEIRA	4,80
21	45	87	32085A04500087	- MANUEL VIDAL BALBÍS	PRADOS OU PRADARIAS	23,43
22	45	180	32085A04500180	- HERDEIROS DE CELSA GONZÁLEZ DORADO	LABOR OU LABRADIO SECAÑO	10,14
23	45	181	32085A04500181	- MARÍA DOLORES FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	PRADOS OU PRADARIAS	17,99
24	45	182	32085A04500183	- HERDEIROS DE MANUELA ANDRÉS INCOGNITO	PRADOS OU PRADARIAS	13,88
25	45	183	32085A04500183	- HERDEIROS DE MANUELA ANDRÉS INCOGNITO	PRADOS OU PRADARIAS	6,64
26	45	184	32085A04500184	- SERAFÍN FERNÁNDEZ RIVERO	PRADOS OU PRADARIAS	5,24
27	45	190	32085A04500190	- FÉLIX PARADA MARTÍNEZ	PRADOS OU PRADARIAS	4,57
28	39	254	32085A03900254	- JOSÉ ALONSO FIDALGO	MATAGUEIRA	63,16
29	39	253	32085A03900253	- JOSÉ ANTONIO QUINTAS KOHNEN	MATAGUEIRA	9,77
30	39	339	32085A03900339	- HERDEIROS DE GENOVEVA SUÁREZ GONZALEZ	MATAGUEIRA	47,18
31	39	422	32085A03900422	- DEPUTACIÓN DE OURENSE	MATAGUEIRA	76,77
32	39	423	32085A03900423	- DEPUTACIÓN DE OURENSE	MATAGUEIRA	24,62
33	45	194	32085A04500194	- HERDEIROS DE CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ NIETO	LABOR OU LABRADIO SECAÑO	67,89
34	39	251	32085A03900251	- SERVANDO ALONSO FERNÁNDEZ	PRADOS OU PRADARIAS	16,47
35	39	250	32085A03900250	- ARGIMIRO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ	PRADOS OU PRADARIAS	44,15
36	39	249	32085A03900249	- SERVANDO ALONSO FERNÁNDEZ	PRADOS OU PRADARIAS	2,99
37	40	464	32085A04000464	- COMUNIDAD DE VECIÑOS DE CARBALLO	PRADOS OU PRADARIAS	85,06
38	39	243	32085A03900243	- COMUNIDAD DE VECIÑOS DE VEREA	MATAGUEIRA	48,82

4º.- Publicar e notificarles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de marzo de 2019**4.- ASUNTOS DE URXENCIA.**- Non se suscitaron.**5.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.**- Non se presentaron.**6.- ROGOS E PREGUNTAS.**- Non se formularon.

E, ás nove horas e quince minutos, do referenciado día vinte e dous de marzo do ano dous mil dezanove, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,**O VICESECRETARIO,**